

Dúas semanas de cultura e actividades para todos os gustos e idades

O Concello de Oroso preséntache o seu programa de actividades para a Semana Cultural 2014, que terá lugar do 19 ao 31 agosto. Un completo programa de actividades totalmente de balde (salvo o obradoiro de cupcakes) e que está cheo de xogos, maxia, obradoiros, inchables, teatro, monicreques, festa da espuma, contacontos, excursións e actuacións musicais e que che desglosamos a continuación:

Martes 19 de agosto. EXCURSIÓN AO **AQUA-PARK** (Cerceda). Maiores de 8 anos empadroados/as en Oroso. Previa inscrición (do 4 ao 18 de agosto) no centro cultural.

Mércores 20 de agosto. Ás 11:00 horas: OBRA-DOIRO ELABORACIÓN DUN CONTO. No centro cultural para nenos/as de 6 a 9 anos. Previa inscrición (do 4-18 de agosto) no centro cultural. Ás 19:30 horas: **PISTACATRO** con "RESIDUO", espectáculo de clown e malabares sobre a reciclaxe. Exterior da piscina.

Xoves 21 de agosto. De 11 a 14:00 horas: GRANDES XOGOS E XOGOS TRADICIONAIS na Praza de Isaac Díaz Pardo. Maiores de 4 anos. Ás 20:30 horas: TEATRO ASOC. CULTURAL CHAMELA (Melide) co espectáculo "PACO JONES DETECTIVE PRIVADO" no centro cultural e dirixido a todos os públicos.

Venres 22 de agosto. "CONTIÑOS PARA COMPARTIR" sobre a igualdade entre homes e mulleres. Dúas sesións (11 e 12 h). Inscricións do 4 ao 18 de agosto no centro cultural.

De 16:00 a 19:00 horas: INCHABLES na piscina municipal. Ás 19:15 horas: FESTA DA ESPUMA. Ás 20:00 horas: ACTUACIÓN DOS COMBOS DA **AULA DE MÚSICA**, no exterior da piscina.

Luns 25 de agosto. Ás 10 e ás 12:00 h: OBRA-DOIRO DE DECORACIÓN DE CUPCAKES E GALLETAS (días 25, 26, 27, 28 e 29 de agosto). Prezo: 40€ empadroados/as / 45€ non empadroados/as. Inscricións ata o 20 de agosto no centro cultural. Ás 19:30 h: ACROBACIAS AÉREAS a cargo de **CIRCO "CHOSCO VOANDO"** no exterior da piscina.

Martes 26 de agosto. 19:30 h: MONICREQUES de TROPICALLO, "**JÍÑOL**", no exterior da piscina municipal.

Mércores 27 de agosto. 19:30 h: TEATRO dos **GHAZAFELLOS** con "BON APPETIT", no exterior da piscina.

Xoves 28 de agosto. Ás 19:30 h: MAXIA con **CAYETANO LLEDÓ**, "O Peregrino Máxico", no exterior da piscina.

Venres 29 de agosto. De 17 a 19:00 h. TALLER DE MAQUILLAXE. Recollida dos tickets na piscina. Ás 19:30 horas: TALLER DE MONICREQUES, "La noche de los monstruitos". Ás 21:00 horas: ACTUACIÓN MUSICAIS a cargo de: Grupo Alborada, Asociación Cultural Amigos do Acordeón de Sigüeiro e A Misela (Noia) na alameda de Góis.

Máis información no centro cultural, no 981 690 903 ou en www.concellooroso.com.



SEMANA CULTURAL Oroso 2014

curso de decoración de Cupcakes e galletas

Xogos obradoiros

clown, aéreos

INCHABLES

monicreques, maxia

festa da espuma

excursión, teatro

actuacións musicais

Contacontos

19 ao 31 de agosto

ORGANIZA: **OROSO** Rural Festiveiro

COLABORACIÓN: **Deputación DA CORUÑA** **XUNTA DE GALICIA**



O Concello completa os xogos acuáticos cun tobogán

O Concello de Oroso completou a súa oferta de xogos acuáticos na piscina municipal de Sigüeiro coa instalación dun gran tobogán acuático, duns dous metros de altura, e que xa está a disposición de todos os rapaces e rapazas do municipio. Así, o miniparque acuático da piscina municipal de Sigüeiro conta con dúas setas de auga, dúas columnas de chorros sobre un chan antideslizante, así como dous tobogáns: un pequeno para os meniños nunha piscina de chapoteo e outro de dous metros.



Novo tobogán acuático na piscina municipal de Sigüeiro



Melloraranse as beirarrúas o alumeadado público e a recollida de pluviais

O Concello investirá 108.000 € nas rúas Portiño e Cega



O Concello investirá 108.384 euros na reparación de beirarrúas, da rede de alumeadado público e da recollida de augas pluviais nas rúas Portiño e Cega (Sigüeiro). "O proxecto, que ten un prazo de execución de 5 meses, inclúe o rebaixado dun tramo de 336 metros de beirarrúas na rúa do Portiño para que todas queden á mesma altura e sexa máis accesible a todos os veciños", explica o alcalde Manuel Mirás.



Exposición da parcelaria de Senra, Cardama e Vilarromariz

A Xunta vén de aprobar a fase de acordo da concentración **parcelaria** de Senra-Cardama-Vilarromariz, que estará en exposición pública ata o 9 de agosto no Concello de Oroso e nos centros socioculturais de Senra, Cardama e Vilarromariz. O alcalde agarda que "agora todo vaia moito máis rápido" e anuncia que "o Concello porá todos os medios dispoñibles para axilizar a tramitación e evitarlles molestias aos propietarios".



Espectáculos Torres asume as festas do Sacramento

Espectáculos Torres ofreceuse como parte colaboradora na organización das festas do **Sacramento** de Sigüeiro, que teñen lugar o último domingo de agosto. Unhas festas que non se ían celebrar logo da disolución da comisión de festas de San Andrés de Barciela-Sigüeiro. O Concello agradece o xesto altruísta desta empresa local de afrontar o desafío de organizar estas festas con tan pouca marxe de tempo.



25 artistas galegos expoñen as súas obras no certame Góis/Orosoartes

Un total de 25 artistas galegos expuxeron da man do Concello de Oroso no prestixioso certame internacional **Góis/Orosoartes 2014**, que se celebrou na localidade portuguesa de **Góis** o pasado mes de xullo. Uns artistas que tamén formarán parte da exposición que terá lugar no centro cultural de Sigüeiro entre o 12 de setembro e o 3 de outubro. O alcalde Manuel Mirás e o concelleiro de Cultura, Antonio Leira, aproveitaron a viaxe para internacionalizar máis o nome de Oroso e da súa cultura. Así, estableceron contactos con representantes dunha asociación de artistas galaico-portugues, cunha asesora do Ministerio de Cultura de Dinamarca e cun adxunto á embaixada de Timor Leste.



Ofelia Bartolomé representou aos artistas



O Concello inicia as obras de acceso ao colexio pese a que á Xunta aínda non rematou os traballos

O Concello de Oroso tomou a decisión de **iniciar os traballos** de construción das acometidas de auga, luz e gas, así como dos accesos ao novo colexio de Sigüeiro, a pesar de que a 1 de agosto a Xunta aínda non entregara a obra. En vista dos constantes atrasos por parte da empresa e da Xunta, o Concello decidiu comezar a actuar na contorna do colexio (xa que non pode facer nada nas instalacións ata que sexan entregadas formalmente. Algo que debería ter acontecido o 15 de xullo, data límite comprometida e que nin a Xunta nin a empresa cumpriron, xa que o colexio aínda non está rematado).

O concelleiro de Ensino, Antonio Leira, explica: "a Xunta dixo primeiro que ían acabar en maio, despois en xuño e por último o 15 de xullo. O certo é que estamos a 1 de agosto e non podemos esperar máis. Son obras moi importantes para os nosos veciños e o Concello non pode seguir á espera dos constantes atrasos por parte da empresa e da Xunta". Por iso, o Concello enviou xa ás máquinas a que abran as zancas para as acometidas de luz, gas e auga para o novo colexio. Ademais, está á espera de que Fomento autorice a apertura do segundo vial de acceso ao polígono para poder pechar a estrada fronte ao colexio e rebaixar o vial. "Un permiso que debería chegar na primeira semana de agosto. Do contrario, pecharemos un dos carrís e empezaremos a traballar. As obras irán máis lentas pero, cando menos, avanzarán", apunta Leira.

Acelerar os traballos

O concelleiro orosán lamenta "os continuos atrasos por parte da empresa e da Xunta que fan que agora teñamos que facer en pouco máis dun mes uns traballos que levarían máis de 2 meses. O Concello de Oroso xa fixo todas as solicitudes en tempo e forma, e está poñendo todos os medios posibles para acelerar no posible os traballos. Pero o certo é que entramos no mes de agosto e dependemos da actuación doutras empresas e doutras administracións". Neste sentido, Leira asegura que "os veciños poden estar seguros de que o Concello cumprirá con todas as súas obrigas e responsabilidades. E, a pesar dos atrasos da Xunta e da empresa, o Concello fará todo o que estea na súa man para que as obras estean rematadas o antes posible".

Ante esta realidade, o pleno municipal aprobou por unanimidade unha moción do PSOE que insta á Xunta a cumprir cos seus compromisos co colexio, ao igual que fai o Concello. Tamén amosa o total **apoio ás decisións da comunidade educativa** e defende un ensino de calidade, no que os **dous colexios sexan iguais**, contén con profesores suficientes e cos mesmos servizos, en especial comedor e transporte. Todos os grupos municipais coincidiron en que a competencia dos comedores é da Xunta, non do Concello nin da asociación de pais.



O Concello culmina os seus arranxos nos locais sociais

O Concello de Oroso vén de realizar actuacións de mellora nos locais culturais de Gándara (onde se cambiaron as portas e se pintou) e de Oroso (que se pintou). "Con estas dúas actuacións damos por culminado o programa de reparacións e mellora dos locais socioculturais e centros cívicos de Oroso", explica o alcalde Manuel Mirás. "Agora encargáronos de mantelos e solicitamos a colaboración de todos os veciños para que os coiden e os respecten", anuncia Mirás.



Melloras no local social da Gándara

Foi noticia...



Gran participación no Festival Río Carboeiro

A gran afluencia de público e o nivel das actuacións rexistrado no segundo festival folclórico "**Parque do Carboeiro**" consolidan a este certame como unha cita de referencia para o folclore da comarca. "Este festival é digno sucesor da Festa Enxebre, que faciamos na Illa do Refuxio e ao que non nos deixaron dar continuidade", explicou o alcalde Manuel Mirás.

A festa comezou coa actuación dos distintos grupos de "Lembranzas do Tambre" (pandereteiras, grupo de gaitas, grupo de baile, grupo de baile infantil...). Tomou o relevo "Sementes do Arte" (Ordes), que deu paso ás habaneiras e muñeiras de "Néboas no Cumio". "Vive lo nuestro" (Badajoz) ofreceu unha selección de xotas estremeñas. E, como non hai dous sen tres, agardamos con impaciencia a próxima edición.



Uns corenta rapaces e rapazas participaron este ano na quinta edición do **Campus de Verán** da Fundación Celta de Vigo, que este ano alongouse todo o mes de xullo e incluíu máis actividades que o fútbol.



Un total de 130 rapaces e rapazas participaron este ano nos cursos de natación. A entrega de diplomas estivo precedida dunha gran festa con inchables na piscina municipal de Sigüeiro.



O II Campamento Deportivo pechou as súas portas cunha media de 40 participantes por semana. Gran traballo de Diver Patín, Oroso TM, Taekwondo ITF, Rítmica Compostela e empresas colaboradoras.

Axenda: Agosto

- 5** Inicio do Campamento xuvenil en Ribadeo
- 9** Fin da exposición pública do acordo da parcelaria de Senra, Cardama e Vilarromariz
- 12** Fin do Campamento xuvenil en Ribadeo
- 19** Excursión ao Aquapark
- 20** 11:00 h. Obradoiro para facer contos en galego
19:30 h. Pista Catro. "Residuo"

- 21** 11:00 h. Xogos Tradicionais
20:30 h. Teatro: A. C. Charamela: *Paco Jones, detective privado*
- 22** 11:00 h. Contiños para compartir
16:00 h. Inchables. Festa da escuma e actuación de combos
- 25** 11:00 h. Obradoiro de cupcakes
19:30 h. Acrobacias aéreas do Circo Chosco Voando
- 26** 19:30 h. Monicreques de Trompikallo: "Jiñol"
- 27** 19:30 h. Teatro Ghazafellos: "Bon Appetit"

- 28** 19:30 h. Maxia. Cayetano Lledó: "O peregrino máxico"
- 29** 17:00 h. Obradoiro de maquillaxe
19:30 h. "La noche de los monstruos"
21:00 h. Actuación musical con: Grupo Alborada, asociación cultural Amigos do Acordeón de Sigüeiro e A Misela (Noia).

e en setembro...

GoisOrosoArtes e nova tempada de actividades!